

O protocolo recomenda comezar felicitando, e así vou facer eu; mais non é ao homenaxeado a quen quero felicitar agora -sen deixar por iso de facelo, pois é algo que xa vai implícito neste acto-, senón á Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega polo seu acerto na escolla de Francisco Carballo como *bo e xeneroso*. Se Francisco Carballo ostentase brasón heráldico (moi acaído ao Antigo Réxime por el estudado) esas palabras ben puidesen campar como divisa.

Non lembro cando o coñecín persoalmente a Francisco Carballo. Instalouse en Galicia definitivamente en 1973, polo que calculo que debín saber del ao redor de 1975. Tal vez asistira a algunha conferencia súa, e desde logo soábame xa o seu nome, rodeado sempre de enorme respectabilidade: un cura historiador, con currículo investigador e organizador, militante do nacionalismo progresista.

O meu primeiro contacto *oficioso*, ao redor do común traballo sobre a Historia, sería no ano 1978, habida conta de que en 1979 publicábamos aquel manual colectivo de *Historia de Galicia* editado polo *Fronte Cultural* da AN-PG. A última vez que nos xuntamos cun propósito semellante, tamén para traballarmos nun proxecto de Historia de Galicia, foi hai cousa duns meses. Entre unha e outra data, un percorrido de máis de trinta anos. Un período de tempo dilatado que coido me autoriza para destacar certos trazos da súa personalidade con credibilidade.

«*Polas obras o coñeceredes*». E sen embargo non me propoño destacar en primeiro lugar a actividade externa de Francisco Carballo, dabondo coñecida e valorada por todos os presentes. A fin de contas o *curriculum* ten moito de circunstancial, derivado das cualidades esenciais da persoa. É neste nivel máis fondo onde atopo a clave do seu bon facer nas variadas empresas que acometeu. Falo ante todo da honestidade persoal, que o sitúa con dereito entre os *bos*. E á beira diso, a fidelidade aos proxectos encetados e o extraordinario compromiso social, que fan del un *xeneroso*.

Desde o intre en que o coñecín e ata o día de hoxe, sempre atopei a Carballo no mesmo lugar, inquebrantable, firme como un esteo, contaxiándonos confianza no camiño que nós mesmos percorremos. Vexo nel un faro que baliza augas coñecidas, convencéndonos de que navegamos unha ruta segura. O meu agradecemento persoal por esta reconfortante permanencia, nestes tempos avoltos en que tantas cousas se dubidan e tantas persoas fallan.

Desa honestidade e desa entrega é de onde brota a súa intensa actividade.

Debo referirme antes de nada, comprensiblemente, ao seu traballo no campo da Historia. A súa experiencia universitaria na Complutense de Madrid, alá polos anos cincuenta, deulle a ocasión de coñecer as obras innovadoras de Vicens-Vives e de Pierre Vilar, o que, unido ao paso por París e a unha estancia en Londres, puxérono en contacto coas novas correntes da investigación histórica, é dicir, os métodos seriais británicos e, especialmente, a chamada 'corrente dos *Annales*', un grupo de historiadores franceses reunidos en torno á revista dese nome. Familiarízase entón cos métodos cuantitativos e coa observación das sociedades desde perspectivas variadas, que axiña empregará cunha concepción global e crítica da Historia.

Os métodos cuantitativos, por certo, serán tamén introducidos, nos anos sesenta (por tanto con notable retraso), na universidade galega, pero ao estar esta ocupada en boa medida por franquistas, que acudiran a ocupar o baleiro producido tras a catástrofe do 36, van estar ao servizo dunha concepción da historia acrítica e simplemente descritiva, privada de toda análise social e alérxica ao compromiso co país, ocupada na elaboración de tediosas series estatísticas. Polo contrario, Francisco Carballo incardina as análises cuantitativas na explicación integral da sociedade galega, como un elemento metodolóxico máis, alí onde sexan aplicables. É, claro está, outra historia: a do compromiso.

O seu primeiro libro de investigación histórica foi un traballo sobre o santuario do Monte Medo, é dicir, Os Milagros. Publicouse en 1963, estando el destinado en Baracaldo, mais elaborárao un par de anos antes, durante unha estancia de verán no santuario. Con tal motivo puido coñecer a Xesús Ferro Couselo, director do museo de Ourense, quen lle proporcionou algúns consellos e opinións. E tamén, por esas mesmas datas, a Otero Pedrayo. Tal vez esa toma de contacto con xentes do epigonismo da Xeración Nós, do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista, influíra na orientación que axiña guiaría os pasos de Carballo.

Cómpre destacar unha data na actual historiografía galega: o ano 1979. O futuro valorará o esforzo que desde entón se fixo e o avance que se experimentou. Daquela saía á luz un manual de *Historia de Galicia* impulsado polo *Frente Cultural* da ANPG. Para min constituíu un momento iniciático e desde logo un reto, por ser o primeiro libro en que participaba e porque Francisco Carballo, co prestixio que tiña entre nós, marcaba o camiño. A súa importancia como iniciativa editorial radica no feito de que ata ese momento non se dispoñía de ningún manual de historia de Galicia posto ao día. O máis recente era o de Vicente Risco, que obviamente non era historiador, publicado por Galaxia en 1952, en castelán. Era imprescindible cubrir ese oco dando resposta á necesidade que tanta xente sentía de coñecer o propio pasado.

Convén lembrar, por certo, que unha frase desa obra foi utilizada pola procesar a Carballo en 1981, a raíz do golpe do 23-F.

Pero a publicación foi punto de partida dun proxecto de maior alcance: baixo a dirección de Francisco Carballo púxose en marcha na editorial A Nosa Terra un ambicioso traballo de publicación de monografías relativas á historia do país, cunha completa temática estendida ao longo de todo o arco cronolóxico e con participación dun amplo elenco de investigadores, dun espectro ideolóxico variado, con notable participación de novos historiadores. Con iso, fóronse tocando os máis diversos aspectos (económicos, sociais, políticos, culturais...) da nosa realidade, enfocados desde unha perspectiva metodolóxica actual. O proxecto era ambicioso, e non todos os obxectivos puideron ser cumpridos, pero aí queda unha achega de valor incontestable. Varios historiadores (entre os que me conto) formamos aí grupo en torno a Carballo.

El mesmo participou coas súas propias contribucións, como a *Historia da Igrexa galega* (do ano 1995), onde por primeira vez se acomete o papel da Igrexa dentro da nosa sociedade, observada desde nós e desde dentro, con obxectividade e espírito crítico. Ou a *Breve historia de Galiza*, un manual ben útil para coñecer os fitos máis relevantes da nosa historia. Ou as divulgativas biografías de Bóveda e Sarmiento, personaxes tan representativos de senllas correntes coas que o propio Francisco Carballo se identifica: o compromiso nacionalista e a renovación ilustrada.

No que veño de sinalar revélase axiña outra faceta paralela da actividade de Carballo: a da dinamización cultural. Unha concepción da historia que foxe da erudición estéril e quere proxectarse fertilmente sobre a sociedade, contribuíndo á inculturación e ao progreso do país.

Cando en 1973 regresaba a Galicia para instalarse aquí definitivamente (logo do periplo por Salamanca, Madrid, Londres e Baracaldo), traía xa consigo unha sólida experiencia organizativa, adquirida sobre todo no Teologado de Salamanca, onde fora reitor en 1965. Por esas datas estaba en marcha por toda Galicia un potente movemento cultural desenvolvido desde as asociacións culturais que viñan necendo en moitas poboacións. Entre as primeiras estaba a Asociación Cultural de Vigo, coa que Carballo entre inmediatamente en contacto, e á que achega a súa bagaxe como presidente da mesma.

Mais esa conexión coa sociedade galega demandaba a creación de medios de comunicación propios. Participa na posta en marcha da revista *Encrucillada*, de pensamento cristián progresista e galego, plataforma de expresión dun activo grupo, representativo dun sector minoritario da Igrexa que pretende unha nova inculturación comprometida co país.

E está entre os primeiros na posta en marcha, en 1977, da publicación periódica *A Nosa Terra*, cuxa empresa chega a dirixir. Non é fácil destacar a transcendencia que revestiu a recuperación da cabeceira emblemática do nacionalismo galego, e por tanto o entronque que se procuraba coa valiosísima experiencia, cultural e política, profundamente moderna, traxicamente truncada polo golpe fascista do 36.

Todo o anteriormente dito comporta xa esa outra faceta de compromiso activo con Galicia e de fidelidade aos principios que defende. En tempos nada doados comeza a impartir misa e docencia en galego, e forma parte do grupo *Irimia*, de cristiáns progresistas. Agromaba unha experiencia que semellaba anunciar o arranque dunha nova orientación da Igrexa galega, sensible á situación do país. A hexemonía e inmovilismo da xerarquía pesa máis, pero Carballo mantén a esperanza nesa liña.

Ao mesmo tempo, o seu modo de vida secularizado, inmerso na sociedade, e a súa actividade profesional, de docente na Escola de Maxisterio de Vigo, propician os contactos políticos con xentes da esquerda, de onde arranca a súa andaina militante. En 1974 colabora na creación do sindicato clandestino de ensinantes UTEG (integrado logo como sección da CIG), e colabora tamén no xurdimento do sindicalismo agrario nacionalista (CCLL-SLG).

Xa antes de existir formalmente o actual BNG, Carballo asumía o compromiso militante nas fileiras do nacionalismo político. Foi candidato do BN-PG ao Senado nas eleccións de 1977, ao Congreso nas de 1979 e nas primeiras autonómicas en 1981. Asistiu, por tanto, ao nacemento organizativo do nacionalismo. Hoxe segue no seu posto.

Á vista de canto dixen, non podo senón pensar que ¡quen puidera ser tan bo e tan xeneroso como Francisco Carballo!

*Anselmo López Carreira, Santiago de Compostela, a 3 de marzo de 2012*